


# A primavera a foto altera

## CONCURSO FOTOGRÁFICO



### OBXECTO E TEMÁTICA DA ACTIVIDADE

Esta actividade pretende promover o uso da lingua galega vinculada a imaxes de temática primaveral libre. Os participantes poderán enviar até dúas fotografías orixinais acompañadas de unha palabra, frase, refrán ou versos en galego. No caso dos versos será preciso indicar a autoría dos mesmos.

### PARTICIPANTES

Pode participar de xeito individual calquera persoa da comunidade educativa da EOI de Vilagarcía no curso 2021/22 (alumnado, profesorado e persoal non docente). O profesorado e persoal non docente non poden optar aos premios, quedando reservados unicamente ao alumnado participante.

### PREMIOS

Entre todos os participantes no concurso, sortearanse como agasallo dous lotes de libros e/ou material audiovisual en galego. Os dous premios non poderán concorrer na mesma persoa participante.

### ENTREGA DE FOTOGRAFÍAS

Para participar é preciso:

- Enviar as fotografías en formato jpg ou png ao correo electrónico [edl@eoivga.org](mailto:edl@eoivga.org) do 4 de abril até o 8 de maio 2022.
- Acompañar cada foto co contido lingüístico enriba indicado. Este poderá enviarse sobre-escrito na imaxe ou no corpo do correo electrónico.
- Indicar no asunto do correo electrónico "Concurso Fotográfico" e no corpo do mesmo: Nome e apelidos da persoa participante, idioma, curso no que está matriculado/a, e número de teléfono de contacto.

A persoa coordinadora do EDLG encargárase de publicar cada unha das fotografías nas contas Twitter e Instagram do EDLG e unha composición final na páxina web do centro.

### ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación implica a aceptación das presentes bases. O EDLG non publicará nas redes sociais nin na web do centro datos persoais dos participantes xunto coas imaxes enviadas a concurso. O centro non se fai responsable da autoría das imaxes que poida empregar o alumnado no concurso.